

1. *EU NACÍN CABO DE PINAL ESPESO*

Cando Eduardo Pondal escribe os versos do poema «Mi retrato», publicado en 1909 en Madrid, xa pasaran 74 anos do nacemento do Bardo bergantiñán na *pequena* Ponteceso, no día 6 de febreiro de 1835. Esta é a data certa¹ en que naceu Eduardo María González Pondal Abente, segundo seu pai anota («Fro 6 de 1835 nacio Eduardo María y fue Bautizado en 10 del mismo mes nacio en el coto»²) e o propio poeta corrobora na autobiografía manuscrita (véxase *infra*), aínda que na partida de bautismo (véxase Ferreiro 1991: 264) e noutros documentos oficiais baseados nela aparece o día 8.

A súa familia, que tiña recoñecido o carácter fidalgo pola Real Chancelaría de Valladolid desde o século XVIII, formaba parte da pequena nobreza rural no tránsito a burguesía vilega, feito a ter en conta á hora de explicar certas actitudes e contradicións que se manifestan na súa vida e, inevitabelmente, na súa obra.

O nacemento do futuro poeta practicamente coincide coa evolución do réxime absolutista de Fernando VII ao liberal de inspiración ‘revolucionaria’ burguesa, que vai afectar fundamentalmente ao cambio da estrutura económica do Estado, con especial incidencia en Galiza, e que contribuirá a crear condicións favorábeis a movementos reivindicativos de carácter nacional(ista) –con diversas denominacións– dos que Pondal e a xente do seu contorno sociocultural formaron parte.

Os antepasados inmediatos do bardo bergantiñán proviñan de Laxe –os devanceiros eran orixinarios de Lugo de Llanera (Asturias), onde desenvolvían a súa actividade económica e tiñan as súas propiedades (véxase Carballo Calero 1975 [1963]: 239). Seu pai, ao igual que outros dous tíos de Pondal, emigrou a América, xa que lle corresponderan poucas propiedades familiares por non ser o primoxénito. Ao seu regreso á Terra, en

1 Lurís Freire (1935: 271) é o primeiro que fixa o día 8 como día de nacemento do poeta. A partir deste momento, comeza a aparecer esta data en practicamente todos os historiadores modernos. Véxase, como mostra máis significativa, Carballo Calero (1975 [1963]: 238).

2 O pai de Pondal fai esta anotación nunha folla onde facía constar datas importantes da súa vida (APP).

1820, casou con Angela Fernanda Abente Chans e instalouse na Ponteceso, onde construíu unha casa á beira do río Anllóns:

A formosa casa dos Arias da Ponte Cesó na desembocadura do río Anllons, perto da vila de Laxe, ao pé do areoso «monte branco» –un país norteño galiciano para poetas e pintores, cheo de luz, de cores e de melancolía mellor certamente, que a mesma Escocia e a terra dos lagos que enche a sombra de Ossian– tal foi o berce do noso bardo, berce arrolado por os aloumiños da fortuna (Murguía 1933: 185).

Nela naceron todos os fillos do matrimonio (Cesáreo, Emilia, Josefa, Eduarda, Julia, Eulogia e Eduardo), sendo o derradeiro deles o poeta, nado pouco antes da morte da nai (29 de xuño de 1836).

Nesta altura, a Ponteceso era só un dos lugares da freguesía de San Tirso de Cospindo, pertencentes ao concello da Bugalleira. Polos datos que nos proporciona Madoz, sabemos que se trataba dunha zona eminentemente rural («PROD.: maíz, legumbres, patata, lino, poca fruta y mucho pasto; cría ganado de todas especies y alguna caza. IND.: La agrícola y pesquería»), pouco poboada (a parroquia de Cospindo tiña 516 «almas» das 4.436 do concello) e cun orzamento municipal reducido en comparación cos concellos veciños (véxase Madoz 1845-1850: III, 437; I, 173).

De todos os xeitos, a Ponteceso sempre representará para Pondal o refuxio seguro en momentos de desesperanza, ao tempo que constituirá unha referencia permanente na súa obra³:

Eu nacín en agreste soedade,
 eu nacín cabo dun agreste outeiro,
 p'ronde o Anllóns, con nobre maxestade,
 camiña ó seu destino derradeiro.
 Eu non nacín en vila nin ciudade,
 mas lonxe do seu ruído lisonxeiro:

3 Todas as referencias e citas da obra de Eduardo Pondal son feitas a partir da edición da súa *Poesía Galega Completa* (Pondal 1995, 2001, 2002, 2005) en Edicións Sotelo Blanco (Santiago de Compostela), coas seguintes siglas: QP (= *Queixumes dos pinos*, vol. I), PI (= *Poemas Impresos*, vol. II), PM e PMb (= *Poemas Manuscritos*, autógrafos e apógrafos, respectivamente, vol. III), E (= *Os Eoas*, vol. IV).

*eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponteceso.*

Uns naceno na máxica Granada,
outros naceno en Málaga famosa,
os outros en Sevilla nomeada,
ou outros en Valencia deleitosa;
uns na garrida Cadis, ben soada,
en Barcelona os outros, populosa:
*eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponteceso.*

Amabre Ponteceso, anque pequena,
agreste certamente, mas garrida,
cando deixar a mundanal faena
teu bardo e for pasado desta vida,
non t'esquezas de quen, con faz serena,
dixo a toda ciudade fementida:
*«Eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponteceso».* (PI 18)

Aínda que, como xa indicamos, a familia era de posición social elevada, grande parte da fortuna paterna foi gañada en América e investida na Ponteceso, onde D. Juan Pondal se estableceu a carón do río Anllóns e onde construíu un peirao para atracaren os barcos que utilizaba nas relacións comerciais con América.

É tamén clásica a descrición feita por Murguía do estatus económico de Eduardo Pondal:

Una grata medianía, más cercana de la riqueza que de las estrecheces que ahogan y consumen la actual clase media, haciendo que nada le faltase, tornó más fácil una existencia que no debían turbar otros cuidados, ni mayores penas que los indecibles que consumen al genio. (Murguía 1885: 131)

Á parte das relacións económicas con América e con diversos puntos da Península, Juan Pondal conseguiu dos Abente de Laxe unha parte do negocio do sal, fundou un banco e chegou a ser deputado provincial e encargado das estradas.

O seu fillo Cesáreo proseguiu coas actividades do pai e converteuse en alcalde, conseguindo centrar na Ponteceso toda a actividade económica e administrativa do concello: feira, notaría, alfándega, casa do Concello etc.

2. *CAND'EU ERA ESTUDIANTE*

Se ben no concello da Bugalleira existían dúas escolas, segundo Madoz (1845-1850: I, 173) pouco concorridas, como fillo dunha familia abastada, o futuro poeta irá estudar a unha reitoral conforme adoitaban facer os rapaces que no futuro querían seguir estudos eclesiásticos ou universitarios.

Pondal, pois, vai formarse en Vilela de Nemiña, baixo a dirección do cura párroco de Touriñán, Cristóbal de Lago González⁴:

Nesta aldea garrida e pequena
deprendín eu a lingua latina,
con aquel dómine feo e estupendo,
de quen Tulio e Horacio fuxiran:
aquí sin cuidados,
n'estudiando pisca,
pasei eu de neno
meus máis ledos días. (PM 105.25-32)

Esta época da súa vida debeu de ser importante na súa traxectoria vital, humana e académica, posto que a ela vai aludir repetidamente na súa obra, sobre todo en «O dolmen de Dombate» (1895):

Aínda recordo, aínda,
cand'eu era estudante,
garrido rapacete
que ben rexerse sabe,
cand'iba p'ra Nemiña
a estudar o arte
do erudito Nebrija
e do bo Villafañe,
e iba a cabalo, ledos,
cal soen os rapaces. (PI 13.1-10)

⁴ O rapacete Eduardo Pondal viviría, nese período, na casa de seu tío Leandro Abente, médico, en Queiroso, moi cerca da reitoral de Vilela de Nemiña (Neira Pérez 2014: 174-175).

Á permanente lembranza destes tempos engádeselle a vagarosa descrición e mais o recordo dos seus antigos compañeiros de estudos:

O abrigo de vento circio,
sentada ó pé dos valados
qu'hai nos Casás de Nemiña,
os cabelos pieitando
cun lindo pieite d'ouro
que deslumbraba ó miralo,
cantaba a fada Rouriz
cousas do tempo pasado:

«Eran Manoel Leis e Baña,
Barrentos, Lastres e os Paz;
eran Piñeiro e Leis Busto,
Ruíz, Canosa e Currás;
Arxomil, o da Redonda
(nunca se m'esquencerán);
Pedro Rodríguez, Ocampo,
Lourenzo e Castro Romai;
Francisco, de Castiñeira,
Cristovo, morto en agraz;
Mauro Fernández, Menecho,
Manoel Romero e Pon...al».

Esta parte do seu canto
ben non se poido escoitar
(sopraba o aire mui recio
nos valados dos Casás),
e, cal son de doce corda,
ó lonxe foi espirar.

«Lastres era de Mugía,
a areosa, a seca, a triste;
Leis era de Suxo, e Ocampo
da terra de Villarmide;
Leis Busto, de Coucieiro,
Barrentos, de Morpeguite;
de Corcubión os outros
non eran fóra dos lindes;

os outros, ouh Bergantiños!,
todos ti nace-los viches.

Estes foran os rapaces
que nunca me saírán
da memoria, porque un tempo
soían ben alegrar
estes lugares qu'agora
mui sós e tristes están.

Ouh rapacetes rebertes,
de tenro corpo lanzal,
e tan libres com'os corvos
do facho de Touriñán,

nas c'lunas do meu palacio,
que baixo da terra está,
os vosos nomes garridos
para sempre hei de gravar». (QP 26)

Na mesma liña de «poesía autobiográfica» debe ser inscrito o insistente recordo do criado que o acompañaba no percurso desde A Ponteceso á reitoral de Nemiña (no concello de Muxía):

«Ouh bo Farruco da Bouza,
canta un alalá bo,
un deses cantos ben fondos
que sallan do corazón,
de torgo ben sostenido
e con alento maior,
que soe como de cousas
de pasadas ilusións,
dunha conclusión tan longa
que diga o que t'escuitou
admirado do teu torgo:
“Todo o folgo lle botou:
están caládo-los pinos
nesta costa do Gontón,
e o luceiro vai correndo
prá banda de Salgueirón”».

Así dixo o adolescente
que viña de vacacións
de Vilela de Nemiña,
sobre dun cabalo bo,
baixando de Vilaseco
a costa montesía, soñador
polos longos estudos,
un pouco baixa a calor,
ó criado que con el
na súa casa se criou.

E sin deterse un momento
o bo criado cantou
un alalá tan dorido,
tan triste e tan tolledor
qu'o adolescente estudante
de tal modo na alma se nubrou,
certo non sei por que cousas
de suidades ou d'amor,
que tan gordas coma puños
dúas bágoas alimpou. (PM 64)

Na reitoral vai permanecer até 1848, ano en que se despraza a Santiago para iniciar os estudos de Bacharelato, seguindo as previsións de seu pai, quen no testamento prescribe que as irmás «permanezcan en esta su casa, tengan y cuiden a los más hermanos subministrando al Dn. Eduardo las existencias indispensables para seguir la carrera a que se dedique» (cfr. Ferreiro 1991: 258)⁵. Na realidade, Don Xoán Pondal morreu en 1861, cando Eduardo xa finalizara os estudos (Medicina), camiño diferente ao seguido por seu irmán maior Cesáreo, o primoxénito, que marchara á América, por «no querer seguir la carrera de letras».

Así pois, en setembro de 1848 solicita a admisión no primeiro curso de «segunda enseñanza», superando o correspondente exame⁶. En xuño de 1854 obtén o grao de Bacharel en Filosofía, con seis dos sete votos do Tribunal, despois de ter aprobados os

5 Sobre este período e os seus concretos estudos de latín véxase Neira Pérez (2015).

6 Algúns dos domicilios composteláns, que aparecen nun que outro documento do seu expediente académico, xa foron recollidos por Fermín Bouza Brey (1925: 3, 7).

seis cursos correspondentes: «Mediano» en 3º, «Notablemente» en 5º e 6º, «Sobresaliente» en 1º, 2º, 4º, e mais lingua grega.

Rematados estes estudos, matricúlase na Facultade de Medicina en 1854. Nela obtén o grao de Bacharel en febreiro de 1859, coa cualificación de «Aprobado por unanimidad». A seguir, realiza os dous cursos de Medicina e Cirurxía e obtén o grao de Licenciado o 18 de xuño de 1860, coa cualificación de «Sobresaliente». O día 26 deste mesmo mes foi investido como tal no Goberno Civil da Coruña, seguindo os seus desexos (véxase o seu expediente académico en Ferreiro 1991: 265-275).

É preciso ter en conta que cando Pondal chegou a Compostela eran os anos en que se iniciaba o rexurdir político-cultural galego. É a época en que aparecen as primeiras publicacións periódicas defensoras dos intereses da Galiza (*El Iris del bello-secso*, *El Iris de Galicia*, *El Idólatra de Galicia*, *El Recreo Compostelano*, *La Aurora de Galicia*, *El Diario de Santiago*, *El Porvenir* etc., por citar só títulos composteláns), as primeiras agrupacións (Academia Literaria, Liceo de la Juventud etc.) e mais os primeiros movementos reivindicativos que finalizaron co levantamento frustrado de 1846, tráxico acontecemento que máis tarde inspiraría a Pondal tres poemas: «Cando os duros machados» (QP 76), «Cando me referino» (PI 27) e «Os traidores e infames» (PI 42). É a época en que comezan a escribir en galego Añón, os Camino, Turnes, Valladares etc., e entre a xuventude universitaria ou cultural destacan Antolín Faraldo, Neira de Mosquera, Romero Ortiz, os Rúa Figueroa, Murguía, Rosalía, Aguirre... E en moitas destas actividades do democratismo pregaleguista participará o mozo Pondal, para alén do seu papel protagonista no Banquete de Conxo (véxase *infra*).

Por outra parte, en Santiago vai ter oportunidade de reforzar e completar unha formación literaria que o converterá no máis culto dos poetas galegos do seu tempo, en palabras de Emilia Pardo Bazán (1984 [1888]: 76): «encontró su camino el bergantiñán quien sigue prefiriendo esas viejas reminiscencias gaélicas á los clásicos latinos é italianos que conoce y maneja familiarmente: (Pondal es el más instruído de los poetas gallegos)».

Esta ampla formación vén confirmada por numerosísimas anotacións de carácter literario, particularmente abundantes no

que se refire á retórica, que se conservan en diversos papeis autógrafos do APP (actualmente na RAG), o mesmo que a composición xuvenil «Cuando de niño indómito vagaba» (Ferreiro 1986: 68), que mostra poeticamente o temperán interese pola lectura, aínda que na realidade Pondal tiña dezaseis meses cando morrera súa nai:

Mi madre había puesto, por acaso,
 en mis manos la historia de Colón
 para enseñarme a leer, y hacia el ocaso,
 los brazos sobre el pecho, estaba yo. (vv. 5-8)

En Nemiña iniciou a aprendizaxe dos clásicos, cando menos os latinos, que no Bacharelato completará coa materia de grego, non obrigatoria no plan de estudos⁷. Mais a súa preocupación pola literatura non se limitaba aos autores greco-latinos (Virxilio, Tucídides, Plutarco, Homero, Anacreonte, Safo etc.). Sabemos que tamén coñecía Milton, Shakespeare, Heine, Dante, Ariosto, Monti, Leopardi, Chateaubriand etc., ademais da Biblia, Ossián, Tasso e Camões, de grande transcendencia na súa obra (Bouza Brey 1925: 7-10). Citas de Camões, Tasso, Ariosto, Byron e Ossián aparecen en numerosos poemas da primeira época. O clásico portugués foi guía permanente nos intentos épicos pondalianos e lectura constante –existía un exemplar d'*Os Lusíadas* con múltiples anotacións de Pondal (Bouza Brey 1935)–, ao tempo que outros moitos autores de cuxos libros se conservan facturas e recibos da compra. Convén subliñar que lía os clásicos na lingua orixinal (latín, grego, portugués, italiano, francés e inglés); mesmo chegou a redactar textos en italiano (Carballo Calero 1961: 266-267) e a publicar o poema «Aux Français», en francés, na *Revista Gallega* da Coruña (64, 1-3-1898) e mais en folla solta impresa por Carré Aldao (Carballo Calero 1961: 25-29):

7 Para a formación nos clásicos gregos, a súa influencia así como algúns dos libros presentes na súa biblioteca, véxase Bouza Brey (1925), Blanco Filgueira (1967), Pociña (1981), Carballo Calero (1986), Amado (1999).

Eh quoi...! Révant de nouveaux vols,
du Mississipi, ni de perfidie,
a vous, français –a nous, espagnols,
le lourd alligator nous defie.

.....

.....

.....

.....

La douce et belle Martinique
craint le baiser des boucaniers;
et sa soeur pure et magique
tressaille dans ses bois de palmiers.
Français, qu 'est-ce que nous entendons?
Français, qu 'est-ce que vous entendez?
Si l'heure arrive de marcher, marchons;
marchez, français avec nous, marchez.